

# ENUNCIADO DOS DEREITOS HUMANOS

## **Artigo 1: Dereito á igualdade**

Todos os seres humanos nacen ceibes e iguais e deberían recibir o mesmo trato.

## **Artigo 2: Prohibición da discriminación**

Toda persoa pode esixir os seus dereitos, calquera que sexa o seu sexo, raza, idioma, relixión, condición social, etc.

## **Artigo 3: Dereito á vida**

Toda persoa ten dereito á vida e a vivir en liberdade e seguridade.

## **Artigo 4: Prohibición da escravitude**

Ninguén ten dereito a tratarche coma un escravo e tampouco ti debes escravizar a ninguén.

## **Artigo 5: Prohibición da tortura**

Ninguén ten dereito a torturarche.

## **Artigo 6: Dereito ao recoñecemento como persoa ante a lei**

## **Artigo 7: Protección contra a discriminación**

A lei é a mesma para todos e debe aplicarse a todos do mesmo xeito.

## **Artigo 8: Dereito ao recurso ante un tribunal competente**

Tes dereito a recibir asistencia letrada e acceso ao sistema xudicial.

## **Artigo 9: Protección ante a detención arbitraria**

Ninguén pode arrestarche ou deterche arbitrariamente.

## **Artigo 10: Dereito a unha audiencia pública e xusta**

Os xuízos deben ser públicos e teñen que efectuarse en plena igualdade.

## **Artigo 11: Dereito á presunción de inocencia**

Tes dereito a que che consideren inocente mentres un tribunal non demostre o contrario e, se che acusan dun delito, tes dereito a defenderte.

## **Artigo 12: Dereito á privacidade**

Tes dereito á protección en caso de que alguén trate de calumniarche, de entrar na túa casa sen permiso ou de violar a túa correspondencia.

## **Artigo 13: Dereito á liberdade de movemento**

Tes dereito a circular polo teu país, a elixir onde desexas vivir e a saír do país e a volver.

#### **Artigo 14: Dereito de asilo**

Si te perseguen no teu país, tes dereito a buscar asilo noutro.

#### **Artigo 15: Dereito á nacionalidade**

Tes dereito a ser cidadán dun país e a unha nacionalidade.

#### **Artigo 16: Dereito ao matrimonio e a familia**

Homes e mulleres teñen dereito a casar ao chegar á idade legal de matrimonio, sen limitacións de raza, nacionalidade ou relixión.

#### **Artigo 17: Dereito á propiedade privada**

Tes dereito a posuír bens e ninguén ten dereito a privarche deles arbitrariamente.

#### **Artigo 18: Liberdade de culto e relixión**

Toda persoa ten dereito a expresar libremente a súa relixión.

#### **Artigo 19: Liberdade de opinión e información**

Toda persoa ten dereito a pensar e expresar a súa opinión.

#### **Artigo 20: Dereito de reunión y asociación pacíficas**

Tes dereito a ser membro dunha asociación e a participar en reunións pacíficas.

#### **Artigo 21: Dereito a participar no goberno e a eleccións libres**

Toda persoa ten dereito a participar na vida política do seu país e ao acceso equitativo ao servizo público, e os gobernos deben elixirse periodicamente por voto universal e segredo.

#### **Artigo 22: Dereito á Seguridade Social**

A sociedade debe axudar a que as persoas se desenvolvan libremente e aproveiten ao máximo todas as vantaxes que lles ofrece o seu país.

#### **Artigo 23: Dereito ao traballo**

Toda persoa ten dereito ao traballo en condicións xustas e a escoller libremente o seu emprego e percibir un salario que lle permita vivir e manter á súa familia. Todos temos dereito a igual salario por traballo igual.

#### **Artigo 24: Dereito ao descanso e ao desfrute do tempo libre**

A xornada laboral non debería ser demasiado longa e toda persoa ten dereito a descansar e a desfrutar de vacacións periódicas pagadas.

#### **Artigo 25: Dereito a un nivel de vida adecuado**

Tes dereito a un nivel de vida adecuado, de tal xeito que ti e a túa familia non padezan fame, carezan de vivenda ou sufran enfermidades.

### **Artigo 26: Dereito á educación**

Tes dereito a ir á escola, continuar os estudos ata onde desexes e aprender, sen distinción de raza, relixión ou país de orixe.

### **Artigo 27: Dereito a tomar parte na vida cultural, a gozar das artes e participar no progreso científico**

Tes dereito a participar nos beneficios da cultura, as artes e as ciencias da túa comunidade.

### **Artigo 28: Dereito a un mundo libre e xusto**

Para garantir o respecto a estes dereitos, ten que existir un orde social de carácter internacional que poda protexelos.

### **Artigo 29: Deberes respecto á comunidade**

Tes deberes cara á comunidade na que a túa personalidade pode desenvolverse plenamente, e a lei debe garantir os dereitos humanos e permitir que as persoas se respecten mutuamente.

### **Artigo 30: Estes dereitos son inalienables**

Ningunha persoa ou institución debe realizar actos que podan suprimir os dereitos consagrados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).